



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

rf. A/S/C50-15

ANUNCIO

Asto.: Rectificación e subsanación do erro material ou de feito advertido no proxecto da obra "CAMBIO DE MATERIAL DE CUBRICIÓN DA NAVE DE DEPORTES NAUTICOS" (Plan Provincial de obras e servizos 2015 (PPOS 15) da Deputación provincial de Pontevedra)

A Xunta de goberno local, mediante acordo adoptado na súa sesión ordinaria celebrada o pasado luns 05 de outubro de 2015, acordou entre outros, o seguinte:

- Rectificar e subsanar o erro material ou de feito advertido na "*clasificación do chan*" contida na memoria urbanística do proxecto, de febreiro de 2015, da obra "CAMBIO DE MATERIAL DE CUBRICIÓN DA NAVE DE DEPORTES NAUTICOS", suscrito polo arquitecto técnico municipal, aprobado por resolución de alcaldía núm. 278/15 de 9.4.2015, consistente en que

onde dí:

"SNU-PC chan non urbanizable de protección de costas"

debe decir:

"SUELO URBANO"

Asemade, a resultados do anterior, procede rectificar o parágrafo contido na providencia de alcaldía de 18.09.2015 relativa á incoación do procedemento aberto de contratación da obra de "CAMBIO DE MATERIAL DE CUBRICIÓN DA NAVE DE DEPORTES NAUTICOS" que fai referencia á clasificación urbanística errónea advertida.

Dita rectificación acordase en aplicación do disposto no artigo 105 da lei 30/92 de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común que faculta ás Administracións Públicas para rectificar, en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes no seus actos e tratándose, no suposto da rectificación acordada, de correxir un erro, que é apreciable contando co exclusivo contido do expediente administrativo, concretamente na seguinte documentación:

- a) A documentación gráfica obrante no proxecto de obra aprobado por resolución de alcaldía núm. 278/15 de 09.04.2015
- b) A documentación técnica incorporada ao correspondente expediente administrativo por providencia de alcaldía de 30.09.2015.
- c) Informe técnico do arquitecto técnico municipal de 30.09.2015, redactor do proxecto da obra "CAMBIO DE MATERIAL DE CUBRICIÓN DA NAVE DE DEPORTES NAUTICOS" (Plan Provincial de obras e servizos 2015 (PPOS 15) da Deputación provincial de Pontevedra)
- d) Informe técnico do arquitecto municipal de 05.10.2015, redactor do proxecto da obra "Acondicionamiento para nave para centro de deportes náuticos redactado. Noviembre de 2009"

Sendo posible a súa rectificación sen que resulte afectada a supervivencia do acto administrativo correspondente (RA núm. 278/15), o seu contido e sustantividade, que son os requisitos necesarios para poder ser rectificado pola Administración Pública.

Bueu, 07 de OUTUBRO de 2015

O alcalde

Félix Juncal Novas